

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 9 de maio de 2017 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 28 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017.

O día 12 de xaneiro de 2017, a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 28 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017.

No seu artigo 22 precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas e sinálase que as dotacións iniciais se poderán incrementar.

Dado que a dotación orzamentaria desa orde ascende á cantidade de 1.500.000,00 euros para o ano 2017 e 6.000.000,00 euros para o ano 2018, e posto que esa dotación é insuficiente tendo en conta o importe das solicitudes recibidas, cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria das anualidades 2017 e 2018 para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Incremento de crédito*

1. Ampliar a dotación orzamentaria asignada á Orde do 28 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención



dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017, con cargo ás disponibilidades orzamentarias existentes na aplicación 13.02.713B.770.0, por importe de 3.750.000,00 euros, nas seguintes anualidades:

- Ano 2017: 750.000,00 euros.
- Ano 2018: 3.000.000,00 euros.

Como resultado desta ampliación, o orzamento total asignado á presente orde é o seguinte:

- Ano 2017: 2.250.000 euros na aplicación orzamentaria 13.02.713B.770.0.
- Ano 2018: 9.000.000,00 euros na aplicación orzamentaria 13.02.713B.770.0.

Como consecuencia, tamén se modifica a distribución do crédito establecida no punto 1, letra b), do artigo 16, como segue:

b) Dentro de cada tipo de beneficiario, segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

b.1. Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (Rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm): 3.750.000,00 €.

b.2. Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (Rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas): 3.750.000,00 €.

b.3. Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (Tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 20 cm): 1.875.000 €.

b.4. Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (Rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros): 1.875.000 €.

Esta dotación poderá ser incrementada con fondos comunitarios, do Estado ou da Comunidade Autónoma.



2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 2. Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes

O incremento de crédito previsto no artigo 1 desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 28 de decembro de 2016 (DOG núm. 8, do 12 de xaneiro de 2017).

Artigo 3. Recursos

A presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada potestativamente en reposición no prazo dun mes desde a súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, segundo o disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural

